

ACTA DE ACORDO DA MESA SECTORIAL DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE SOBRE MEDIDAS RETRIBUTIVAS E DE MELLORA NO SEO DO PLAN DE ORDENACIÓN DE RECURSOS HUMANOS DE ATENCIÓN PRIMARIA

Pola Administración

Ana María Comesaña Álvarez.- Directora xeral de Recursos Humanos.

M^a José Montero Furelos.- Subdirectora xeral de Políticas de Persoal.

M^a Jesús Rúa Moure.- Subdirectora xeral de Selección de Persoal.

Sinda Blanco Lobeiras.- Subdirectora xeral de Atención Primaria

Francisco Javier García Caeiro.- Xefe de servizo de Planificación Normativa.

Alberto López Suárez.- Xefe de servizo de Relacións Laborais.

Polas organizacións sindicais:

Ana Belén Lestón Gallardo (CIG)

Manuel González Moreira (CIG)

Lucía Peón Soutiño (CIG)

Ana Belén Puga Bello (CCOO)

Javier González Castro (CCOO)

Eva M^a Vidal Marcote (CCOO)

Carolina Moldes Castiñeira (CSI-F)

Manuel González Vázquez (CSI-F)

Carlos Castro Rivas (CSI-F)

Manuel Fariñas Álvarez (SATSE)

Asunción Maus Gómez (SATSE)

Judith Fernández Rivas (SATSE) *Videoconferencia*

Javier Martínez Fente (UGT) *Videoconferencia*

Yesica López Curbeira (UGT)

Nas dependencias da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde en Santiago de Compostela ten lugar ás 11 horas do día 29 de xuño de 2022 unha sesión da Mesa Sectorial, cos asistentes relacionados á marxe e en cuxa orde do día figura o punto citado no encabezamento. Adoptándose o seguinte acordo, logo da súa negociación nas sesións da Mesa do 14 e do 29 de xuño:

MEDIDAS RETRIBUTIVAS E DE MELLORA NO ÁMBITO DE ATENCIÓN PRIMARIA

No momento actual estase a negociar un Plan de ordenación de recursos humanos de atención primaria. As bases da negociación do plan derivan dos documentos de planificación *Plan Galego de Atención Primaria* e *Por Unha Primaria Vertebradora do Sistema*. Estes documentos prevén unha serie de actuacións para unha óptima utilización

dos recursos humanos ante a escaseza contrastada de médicos/as de familia mediante a adopción de diversas medidas, tendentes a lograr a estabilidade do emprego, a identificación dos postos de difícil cobertura, o reforzo da formación sanitaria especializada e a mellora das condicións laborais, dentro da dispoñibilidade orzamentaria.

Concretamente no *Plan Galego de Atención Primaria 2019-2021* aprobado pola Xunta de Galicia contempla na súa liña estratéxica 4 relativa á demanda un novo modelo de cobertura das ausencias, cun compromiso de revisión das condicións da prestación económica da prolongación de xornada co obxecto de incentivar a súa realización.

Os datos de análise manexados na negociación constátase a necesidade de adoptar unha serie de medidas de mellora das condicións de traballo, con impacto económico, como acordo retributivo dentro do marco de negociación do Plan de ordenación de recursos humanos de atención primaria, e outras medidas relacionadas.

Trala negociación en Mesa Sectorial os días 14 e 29 de xuño, co apoio das organizacións sindicais CIG, CCOO, CSIF, SATSE e CCOO propóñense as medidas seguintes:

1.- Incremento do prezo da intersubstitución

A intersubstitución abóase actualmente ás seguintes categorías: médico/a de familia, pediatra de atención primaria, odontólogo/a, fisioterapeuta e enfermeiro/a.

Descrición da mellora: modificar a fórmula de cálculo existente. Actualmente os profesionais repártense o 70% das retribucións fixas do ausente ao que substitúen. A mellora tradúcese en aplicar un 100% .

2. Matronas

Engadir a intersubstitución na categoría de matró/a. Reparto do 100% das retribucións fixas do profesional ausente ao que substitúen.

3.- Acumulación da cota de praza vacante de médico/a de familia

Cando por indispoñibilidade de persoal médico de familia non sexa posible a cobertura dunha praza vacante cun nomeamento interino, poderanse distribuír as cartillas asignadas a esa praza entre o persoal que acepte un incremento de cota.

Para a atención dese incremento, máximo de 300 cartillas, establécese unha prestación adicional de xornada de 4 horas e media a semana e unha retribución anual de 12.000 euros ano ou parte proporcional.

4.- Incremento do prezo da prolongación de xornada.

As prolongacións de xornada por riba do horario ordinario realízanse por médicos/as de familia, pediatras de atención primaria e enfermeiros/as.

Descrición das melloras: consisten nun incremento dun 10% do prezo hora é na redución do tempo da axenda de 4 horas e media a 4 horas.

Polo tanto, aplicando esta porcentaxe, os médicos/as de familia e pediatras de atención primaria que na actualidade perciben 187,78€ (46,95€/hora) pasarían a percibir 206,56€ (51,64€/hora) para unha axenda de 4 horas.

No caso da enfermería que na actualidade percibe 122,91€ (30,73€/hora) pasarían a percibir 135,80€ (33,80€/hora) para unha axenda de 4 horas.

5.- Incremento de retribucións nos postos de difícil cobertura

Os postos de atención primaria en función das súas condicións de prestación teñen asignadas unha retribucións no concepto de produtividade derivadas de distintos factores non capitativos, deles o factor F que retribúe a prestación de servizos en lugares illados en atención á distancia respecto das cidades ou núcleos de poboación importantes e dos centros hospitalarios correspondentes, e o factor G relativo a soidade do profesional por inexistencia doutro profesional, considerándose asociados a postos de difícil cobertura.

Descrición da mellora : consiste establecer un incremento dun 50% nas contías vixentes: O factor F, que actualmente para médicos/as e pediatras é de 163,77€ mensuais, increméntase nun 50% pasaría a 245,66€ e a enfermería, que actualmente percibe 81,88€ incrementa a 122,81€ mensuais.

O factor G que ten unha contía para médicos/as de 245,66€ pasarían a 368,48€ e a enfermería de 122,83€ a 184,24€.

Estes incrementos suporían, no caso de médico/as de familia un incremento anual de 2.866€, en pediatras 1.146€ e en enfermería 1.432€.

Por outra parte suprimiríase o requisito de residir na localidade.

6. - Incremento de centros coa consideración de difícil cobertura

Descrición da medida:

Engádesse como criterio para percibir o factor F a consideración de postos de difícil cobertura.

Xa que logo, aos actuais concellos que dan lugar á percepción de dito complemento, engádense novos centros de atención primaria/localidades, que constan en anexo, coa condición de difícil cobertura por dificultades na formalización de sucesivos nomeamentos temporais.

Os servizos prestados nestes centros terán unha valoración adicional nos baremos dos procesos selectivos, concursos de traslados e carreira profesional, nos mesmos términos que se aplican actualmente aos servizos prestados en centros illados.

Con independencia destas medidas, no último trimestre de 2022 negociáranse na Mesa Sectorial os criterios para a determinación da percepción do factor F e de ser o caso a ampliación de centros que cumpran criterios.

7.- Incremento do valor da hora de xornada complementaria en PAC a partir de 160h/mes

Esta medida será de aplicación aos médicos/as e enfermeiros/as dos PACs.

Descrición da medida: Incremento do valor hora de xornada complementaria en PAC a partir da prestación de 160 horas/mes a 190 horas/mes de xornada ordinaria e complementaria.

A xornada de 160h a 190h: 29,08€/hora persoal médico de familia e 19,04€/hora persoal de enfermería.

8. - Incremento do valor hora do persoal médico de familia de atención ordinaria que realice gardas en PAC a partir de 550 horas anuais

O persoal que realiza xornada ordinaria en centros de saúde e ademais realiza atención continuada nos PAC, percibe 24,94€/hora.

Descrición da medida: a partir das 550 horas anuais de xornada complementaria en PAC verán incrementado o valor hora que actualmente é de 24,94€/hora e pasaría a 29,08 €/hora.

9. - Manual de cobertura de ausencias

Regularase mediante un manual ou protocolo asistencial á cobertura de ausencias en atención primaria, onde constarán as causas que dan lugar a intersubstitución por ausencias de titular, actualizando as causas vixentes así como tamén o sistema que dan lugar a activación da intersubstitución e da xornada complementaria para tratamento homoxéneo en todas as áreas de ambos conceptos.

Ademais, se regulará a prolongación de xornada ordinaria, con axendas reguladas, horarios e indicadores de seguimento da actividade.

As regulacións negociaranse na mesa sectorial antes do 30 de Setembro de 2022 no marco do Plan de ordenación.

10.- Persoal de xestión e servizos.

Sen prexuízo da análise e das medidas que se negocien no Plan de ordenación, na dotación e cobertura das ausencias do persoal de xestión e servizos tomaranse en consideración as novas funcións, xestión da demanda e programas asistenciais que está a asumir no seu centro este colectivo.

As partes, coa súa sinatura, manifestan o seu acordo sobre o texto, de modo que se poidan iniciar as actuacións precisas para a súa efectividade, previos os informes e autorizacións preceptivos.

Santiago de Compostela, ás 14.15h do 29 de xuño de 2022.

Pola Administración:

Ana M^a Comesaña Álvarez
Directora Xeral de Recursos Humanos

M^a José Montero Furelos
Subdirectora Xeral de Políticas de Persoal

Polas Organizacións Sindicais:

Manuel González Moreira
CIG

Javier González Castro
CCOO



Sinda Blanco Lobeiras
Subdirectora Xeral de Farmacia
Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria

Carlos Castro Rivas
CSIE



María Jesús Rúa Moure
Subdirectora Xeral de Selección de Perssoal

Asunción Maus Gómez
SATSE



Francisco Javier García Caeiro
Xefe do Servizo de Planificación Normativa

Yesica López Curbeira
UGT

Alberto López Suárez
Xefe do Servizo de Relación Laborais